



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CARRAL

Modificación dun dos membros dos tribunais nomeados para os procesos de selección de cinco obreiros/as, tres limpadores/as fixos/as, cinco limpadores/as fixos/as-descontínuos/as e dous/dúas auxiliares de servizos

ANUNCIO

Con data do 14 de novembro de 2024 a alcaldía deste Concello ditou o decreto 471/2024 seguinte:

Tendo en conta que por decretos da alcaldía 463/2024, 464/2024, 465/2024, 466/2024 do 13 de novembro de 2024 se resolveu nomear aos membros dos tribunais cualificadores dos procesos selectivos de auxiliar de servizos, limpadores/as fixos/as, limpadores/as fixos/as-descontínuos/as e obreiros/a respectivamente.

Visto que en todos os tribunais figura como vogal substituto, entre outros, don Manuel Ares Barbeito, delegado sindical do persoal laboral do Concello de Carral, e que de acordo co artigo 60 do TREBEP e da doutrina xurisdiccional existente non poden ser membros dun tribunal de selección nin persoal laboral fixo que sexa membro do comité de empresa ou delegado sindical nin os funcionarios que son delegados de persoal é polo que, en uso das facultades que lle outorga o artigo 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local **RESOLVO**

PRIMEIRO.- Nomear a dona Erika M^a Mosquera Gende, auxiliar administrativa do Concello de Carral, como vogal suplente dos tribunais de selección para a provisión en propiedade de cinco prazas de obreiros/as, tres prazas de limpadores/as fixos/as, cinco prazas de limpadores/as fixos/as-descontínuos/as e dúas prazas de auxiliares de servizos en substitución de don Manuel Ares Barbeito.

SEGUNDO.- Modificar os decretos 463/2024, 464/2024, 465/2024, 466/2024 do 13 de novembro de 2024 no seu resolvo segundo en canto ao vogal substituto, quen serán seleccionados indistintamente co fin de constituír os tribunais necesarios para proceder a valoración de méritos dos procesos de selección.

TERCEIRO.- Publicar este anuncio no boletín oficial da provincia para xeral coñecemento así como no taboleiro de anuncios do Concello sito na sede electrónica do Concello.

Carral, 15 de novembro de 2024

O alcalde

Francisco Javier Gestal Pose

2024/8167